

**NOTA DE PRENSA 056/23
27 DE XULLO DE 2023**

**O GALEGO DE KARTING INÍCIASE ESTA FIN DE SEMANA CON 70 PILOTOS
EN AS PONTES**

Á última das disciplinas do automobilismo galego que restaba por comezar, o karting, iniciará a súa nova andadura esta fin de semana no trazado de As Pontes, cun programa de dúas xornadas e nada menos que 70 equipos na grella de saída.

O éxito está asegurado nunha modalidade que recupera pulo logo de varias modificacións e a chegada dun novo promotor que fai que se pase de apenas tres decenas de inscritos a o número actual.

O programa deportivo da fin de semana levará aos participantes a aproveitar a xornada do sábado para os adestramentos libres, ademáis das competicións para os participantes máis novos da grella, os pre rookie (de entre 3 e 6 anos), que celebrarán as súas carreiras a partires das 13:45 horas.

Xa para o domingo, turno para o resto dos competidores, nunha cita que comezará as 09:00 horas cos adestramentos oficiais, para afrontar as carreiras dende as 11:25 horas.

A entrega de premios está prevista para as 15:00 horas no trazado coruñés.